

12 Octubre de 2015 - Revista 1042

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



xuventude.net

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 3

BOLSAS E AXUDAS / 7

PREMIOS E CONCURSOS / 8

NOVAS DE EMPREGO / 9

EN PORTADA ▶ NOVAS E ACTIVIDADES

Xuventude Crea: Final da especialidade de teatro

Martes, 06 Outubro 2015 09:02



As obras finalistas na modalidade de teatro de **Xuventude Crea**, representaranse os días **4, 5 e 6 de novembro** na **Casa de cultura de Outes**.

4 de novembro:

17:00 h Caruncho teatro coa obra "Canobacho de Pierrock"
20:30 h Pinchacarneiro teatro coa obra "Vilar de inferno"

5 de novembro:

17:00 h Trasluz teatro coa obra "A tres niveis"
20:30 h Non si? teatro coa obra "Variacións dun soño sen título"

6 de novembro:

17:00 h Fusco e Lusco teatro do IES Universidade Laboral de Ourense coa obra "Vodas de sangue"

20:30 h Vacaloura teátrica coa obra "Mousike e as kronomusas"

Casa de cultura de Outes
Avda. San Campio 1
Serra de Outes

Xornadas sobre Emprendemento Feminino

Mércoles, 07 Outubro 2015 08:15

Os próximos días **8 e 9 de outubro** terán lugar na facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela unhas xornadas sobre emprendemento feminino apoiadas e financiadas polo programa **Iniciativa Xove** da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.



No marco desta actividade participarán diferentes ponentes nacionais e internacionais que buscarán dar claves e interpretacións para coñecer e superar as dificultades coas que se atopan as mulleres emprendedoras na actualidade.

Estas xornadas son organizadas polo grupo informal **"Xuventude Feminina Emprendedora"**, todos eles xoves estudantes da USC.

Nesta ligazón podes consultar o programa das xornadas.

Tarxeta-Bono Cultura Galega para a mocidade

Mércoles, 07 Outubro 2015 09:46



A partir do día **10 de outubro**, xa se poderá adquirir a **Tarxeta-Bono Cultura Galega**, un programa dirixido a mozos e mozas de entre 18 e 30 anos co que se poderán mercar libros en galego e entradas de espectáculos de artes escénicas de empresas galegas.

É unha iniciativa da **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** da Xunta de Galicia, a través da **Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic)**

O prezo da tarxeta para o usuario será de 33 €, e con ela poderán realizarse compras por valor de ata 50 € durante un prazo de dous meses (ata o 10 de decembro). Por tanto, a diferenza de 17 € será achegada como incentivo ao consumo cultural por parte da Xunta de Galicia.

Ademais os establecementos adheridos que se dediquen á venda de libros farán un desconto adicional do 10% no prezo do que se compre con cargo a este bono, compatible con outros descontos ou ofertas. De acordo co devandito desconto, cunha destas tarxetas poderase ter acceso a comprar, por exemplo, 2 libros que custen 20 euros cada un e a un terceiro que custe 15 euros.


A tramitación da tarxeta-bono, así como a xestión das entradas aos espectáculos que con ela se merquen será desenvolvida por **Afundación**. As instrucións de funcionamento poden consultarse no web www.tarxetabonoculturagalega.gal

Establecementos onde podes usar a **Tarxeta-bono Cultura Galega**:

http://www.tarxetabonoculturagalega.gal/demo_wp/wp-content/uploads/2015/10/Listado-Establecementos.pdf

Innovación, empresa, medio ambiente e divulgación, protagonistas das "EcoXornadas"

Mercores, 07 Outubro 2015 10:23



Empresas, investigadores e divulgadores que apostan pola innovación como solución ós problemas ambientais integran o programa destas xornadas apoiadas por **Iniciativa Xove** e que están tendo lugar os días **7 e 8 de Outubro** no salón de actos da **Escola Técnica Superior de Enxeñaría** da *Universidade de Santiago de Compostela*.

Visibilizar as accións que dende as empresas e Universidades galegas se están levando a cabo para buscar solucións innovadoras ós problemas ambientais e mostrar a importancia da divulgación para acercar a innovación e a ciencia á cidadanía. Estes son os obxetivos que perseguen as xornadas que o grupo informal de mozas e mozos **Enxeñaría Verde** están a levar a cabo.

O programa das **(eco)Xornadas** así como a convocatoria do concurso de ideas que tamén ten sido convocado dentro desta iniciativa financiada polo programa **Iniciativa Xove** da *Dirección Xeral de Xuventude e voluntariado de la Xunta de Galicia*, pode ser consultado na páxina web do evento www.innovarenverde.com.

A apertura das **(eco)Xornadas** tivo lugar este **mércores 7 ás 10 horas**. Ao longo de todo o día as persoas asistentes puideron coñecer ós responsables de diferentes empresas galegas que desenvolven a súa actividade no eido da ecoinnovación ou ben que recorreron a ela para buscar solucións a problemas derivados da súa actividade productiva. As xornadas pecharanse coa sesión da mañá do **día 8**, que estará dividida en dous bloques: un deles adicado á divulgación, como ferramenta fundamental para acercar a innovación e a ciencia á cidadanía; e outro orientado ao fomento da actitude emprendedora e o emprendemento empresarial.

A asistencia ás **(eco)Xornadas** é totalmente de balde e aberta a todo o público interesado ata completar aforo, previa inscrición na páxina web do evento.


NOVAS FORMACION

CURSOS DA DXXV

Clube de Conversa en Lingua Inglesa

Venres, 09 Outubro 2015 14:21

O *Centro Coordinador de Información Xuvenil en Santiago de Compostela* convoca un **Clube de Conversa en Lingua Inglesa**. Esta iniciativa enmárcase no programa "**O Son das Linguas**" cuxo obxectivo é fomentar os espazos informais de conversa en diferentes linguas.



Esta actividade vai dirixida a xente nova con idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos. Para inscribirse na actual convocatoria é necesario ter coñecementos de inglés a nivel Intermedio ou Avanzado. O centro pon a disposición das persoas interesadas en participar unha sala equipada con ordenador e proxector, así como apoio técnico na organización e dinamización da actividade. Organizaranse dous grupos por nivel. O número mínimo de participantes por sesión para que a actividade se leve a cabo será de 5. O número máximo de participantes en cada sesión será de 15. Así mesmo, xerárase unha lista de espera para o caso de que se produzan vacantes unha vez iniciada a actividade.

Horarios Nivel Intermedio:

Martes de 17.00 a 18.00 h,

Martes de 18.30 a 19.30 h.

Horarios Nivel Avanzado:

Xoves de 17.00 a 18.00 h,

Xoves de 18.30 a 19.30 h.

As persoas interesadas poderán solicitar a súa inscrición unicamente nun nivel e nun horario determinado marcando a casilla correspondente na solicitude de participación:

Establécense os seguintes períodos de inscrición:

Outubro de 2015: do mércores 14 ao luns 26.

Xaneiro de 2016: do luns 11 ao luns 25.

Abril de 2016: do luns 11 ao luns 25

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

Máis información: **Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil**

Rúa Ramón Piñeiro nº 17-19 baixo

Telf. 881 99 76 07


Correo electrónico: oixuventude.traballo@xunta.es

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

Curso de Xestión da Producción en Fabricación Mecánica en Vigo

Mercores, 07 Outubro 2015 09:34



Femxa convoca o curso gratuito: **Xestión da Producción en Fabricación Mecánica.**

Os requisitos de acceso son:

Estar inscritos no ficheiro de Garantía Xuvenil

Ter estudos mínimos de Bacharelato ou equivalente

Datas: do 23 de outubro ao 30 de decembro de 2015

Duración: 310 horas

Horarios: de luns a venres en horario de 8.00 a 15.00 e os sábados de 9.00-14.00

Lugar: Vigo

Máis información en Femxa, teléfono 900 100 957

http://www.cursosfemxa.es/1926-gestion-de-la-produccion-en-fabricacion-mecanica.html?utm_source=182_&utm_medium

Certificación galega de competencias dixitais en ofimática

Martes, 13 Outubro 2015 06:27



A **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, AMTEGA**, convoca probas de avaliación de carácter libre para a obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática.

A **rede CeMIT** publicou na súa plataforma de teleformación (<http://cemit.xunta.es/ema>) os materiais formativos que forman parte do **curso Codix** baixo a modalidade de «**Autoformación**» como material de apoio para a preparación destas probas:

- Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico.
- Aplicacións informáticas de tratamento de textos. LibreOffice Writer.
- Aplicacións informáticas de follas de cálculo. LibreOffice Calc.
- Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais. LibreOffice Base.
- Aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información. LibreOffice Impress.

Datas e horarios:

Localidade	Día	Hora	Nº prazas
Coruña, A –Eirís	25 de novembro	10.00	16
Narón	25 de novembro	10.00	15
Santiago de C.	25 de novembro	10.00	15
Carballedo	25 de novembro	10.00	7
Fonsagrada, A	25 de novembro	10.00	10
Ourense	25 de novembro	10.00	18
Cañiza, A	25 de novembro	10.00	18
Moaña	25 de novembro	10.00	9
Pontevedra	25 de novembro	10.00	25
Vigo	25 de novembro	10.00	13
Ames	26 de novembro	10.00	12
Ortigueira	26 de novembro	10.00	10
Ribadeo	26 de novembro	10.00	8
Sarria	26 de novembro	10.00	17

Carballiño, O	26 de novembro	10.00	13
Cuntis	26 de novembro	10.00	8
Lalín	26 de novembro	10.00	18
Pontevedra	26 de novembro	10.00	25
Tomiño	26 de novembro	10.00	8
Valga	26 de novembro	10.00	10
Vigo	26 de novembro	10.00	13
Betanzos	26 de novembro	16.00	18
Boiro	26 de novembro	16.00	10
Coruña, A –Eirís	26 de novembro	16.00	16
Padrón	26 de novembro	16.00	10
Santa Comba	26 de novembro	16.00	18
Santiago de C.	26 de novembro	16.00	15
Castrelo de Miño	26 de novembro	16.00	9
Manzaneda	26 de novembro	16.00	6
Verín	26 de novembro	16.00	10
Xunqueira de Ambía	26 de novembro	16.00	9
Estrada, A	26 de novembro	16.00	12
Brión	27 de novembro	10.00	10
Fisterra	27 de novembro	10.00	10
Oroso	27 de novembro	10.00	12

Pontedeume	27 de novembro	10.00	10
Pontes, As	27 de novembro	10.00	17
Porto do Son	27 de novembro	10.00	9
Barreiros	27 de novembro	10.00	11
Barco, O	27 de novembro	10.00	15
Celanova	27 de novembro	10.00	11
Ourense	27 de novembro	10.00	18
Guarda, A	27 de novembro	10.00	11
Marín	27 de novembro	10.00	17

O prazo para a inscrición estará aberto ata o **20 de outubro de 2015**

Máis información no DOG do 13 de outubro de 2015 e en <https://cemit.xunta.es/>

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre na Coruña

Martes, 06 Outubro 2015 00:00



A Escola de Tempo Libre da Cruz Vermella organiza un curso de Monitor/a de actividades de tempo libre na Coruña.

Lugar: A Coruña

Data de inicio: 16 outubro de 2015

Data de finalización: 20 decembro 2015

Destinatarios:

O curso está dirixido a todas aquelas persoas que queren dedicar a súa actividade profesional á educación e animación de grupos (infancia, maiores, persoas maiores,...) dende a perspectiva de educación en valores.

Os **requisitos** para acceder á formación, e establecidos pola Xunta de Galicia no Decreto 50/2000 son ser maior de 18 anos e estar en posesión do graduado escolar (ESO) ou ser técnico/a auxiliar en FP.

Temporalización:

O curso consta de dúas fases, unha teórico-práctica cunha duración de 200 horas lectivas, e outra práctica de 150 horas.

Fase teórica-práctica:

O inicio do curso será o 16 de outubro, e rematará o 20 de decembro. O horario establecido será venres de 16.00 a 21.00, sábados de 09.00 a 14.00 e 15.30 a 20.30, e os domingos de 09.00 a 14.00

Fase práctica.

Unha vez superada a fase teórica-práctica, o alumnado dispón de aproximadamente 2 anos para realizar as súas prácticas en diferentes ámbitos (campamentos, asociacións xuvenís, centros de día, parques infantís...)

O **prazo** para que o alumnado remate as súas prácticas con toda a documentación pertinente será o **1 de novembro de 2017**.

Máis información

Escola de Tempo Libre da Cruz Vermella
Rúa Cruz Vermella Española, nº 1
A Coruña
Teléfono: 981 221 000
<http://formacion.cruzvermella.org/>

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Vigo

Martes, 06 Outubro 2015 06:38



A **Escola de tempo libre Ultreia** imparte un curso de **Monitor/a de actividades de tempo libre** en Vigo dende **outubro de 2015 a xuño de 2016**.

Máis información na Escola de tempo libre Ultreia, teléfono 608 534 812.

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Oleiros

Mercores, 07 Outubro 2015 06:34



A **Escola de Tempo Libre Abraio**, coa colaboración de CEM, s.coop.galega, organiza un curso de **Monitor/a de actividades de tempo libre en Oleiros**, A Coruña.

Datas: do 23 de outubro ao 13 de decembro de 2015.

Horario:

Venres de 16:00 a 21:00

Sábados de 09:00 a 14:00 e 16:00 a 21:00

Domingos de 09:00 a 14:00 e 16:00 a 21:00

Máis información:

Escola de Tempo Libre Abraio
Rúa Neveda, 4 Santa Cruz. Oleiros. A Coruña
Teléfono: 680 337 658
Email: aseduc.galicia@gmail.com

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Ourense

Mercores, 07 Outubro 2015 06:41



A **Escola de tempo libre Xirxilar** organiza un curso de **monitor/a de actividades de tempo libre en Ourense**.

Datas: do 5 de outubro ao 19 de novembro de 2015.

Máis información na Escola de tempo libre Xirxilar. www.xirxilar.com

Curso de Director de Tempo Libre en Lugo

Venres, 09 Outubro 2015 10:55



A Escola de Tempo Libre Vitae organiza un curso de Director de Tempo Libre en Lugo.

Datas:

Novembro: 7, 8, 14, 15, 21, 22, 28, 29.

Decembro: 5, 6, 7, 8, 12, 13 e 19.

O lugar de realización para ambos cursos é a aula da Escola, na Rúa Rof Codina, 37-39, na cidade de Lugo, en horario de 9:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 21:00.

Máis información na Escola de Tempo Libre Vitae.

Teléfonos: 982 220 372 e 639 950 045

<https://grupovitae.com/escuela-tiempo-libre/>

Curso de Monitor/a de actividade de Tempo Libre en Ourense

Venres, 09 Outubro 2015 11:09



A Escola de Tempo Libre Cáritas organiza un curso de Monitor/a de actividades de Tempo Libre en Ourense

Datas: do 21 de novembro ata o 8 de maio de 2016, sábados de 9:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 21:00.

Máis información na Escola de Tempo Libre Cáritas.

Pza. Obispo Cesáreo, S/N, 32005 Ourense

caritasourense@gmail.com

Teléfono: 988 236 819

BOLSAS E AXUDAS ➔ OUTRAS

Premios extraordinarios nas ensinanzas de música, danza e de artes plásticas e deseño

Martes, 06 Outubro 2015 06:27



A Consellería de Educación convoca os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15.

Modalidade de música e danza: Ter obtido unha nota media igual ou superior a 8,75 nos dous últimos cursos das ensinanzas profesionais de música ou de danza.

Modalidade de artes plásticas e deseño: Ter finalizado un ciclo formativo de grao superior de artes plásticas e deseño no curso 2014/15, en centros públicos ou privados autorizados de Galicia.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o **21 de outubro de 2015**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **ED311F**.

Máis información no DOG do 6 de outubro de 2015 e en www.edu.xunta.es

Promoción da igualdade nos Concellos de Galicia

Venres, 09 Outubro 2015 07:06



A Secretaría Xeral da Igualdade convoca axudas e subvencións ás entidades locais de Galicia, destinadas a facer efectivo o principio de igualdade entre homes e mulleres, o tratamento integral da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural; así como para consolidar o funcionamento de servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres no territorio, co fin de prestarlles unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral ás mulleres, en particular, a aquelas que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou estean nalgunha situación de vulnerabilidade, de cara a mellorar a súa situación social, laboral e profesional., a través dos seguintes programas:

- a) Programa de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar.
- b) Programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- c) Programa de apoio aos centros de información ás mulleres (CIM).

O **prazo** para a presentación de solicitudes estará aberto ata o **9 de novembro de 2015**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **SI435A, SI435B, SI427B**.

Máis información en <http://igualdade.xunta.es> e no DOG do **9 de outubro de 2015**.

PREMIOS E CONCURSOS

PREMIOS E CONCURSOS

OSHWDem 2015. Concurso Escolar de Robots Segueliñas

Mercores, 07 Outubro 2015 06:09



A **OSHWDem 2015** desenvolverase no museo Domus, o Casa do Home, na Coruña.

Obxectivo

O obxectivo desta convocatoria é fomentar o interese polas tecnoloxías abertas e a robótica por parte do estudiantado non universitario galego. Para iso, convócase un concurso cuxa principal intención é que os asistentes compartan coñecemento e experiencias nun entorno lúdico e participativo.


Probas

As probas co concurso entran dentro do formato que se coñece coma "**segueliñas**".

Dentro dunha área delimitada, se trazará un percorrido con liña de cor negra de 2cm de ancho e sobre un fondo branco completamente liso. Os robots participantes deberán completar o percorrido dende o punto de partida até o final no menor tempo posible.

Percorrido

O percorrido do circuíto é pechado, os puntos de saída e chegada son o mesmo, non haberá cruces e consistirá en rectas e curvas de radio non inferior a 10 cm.



Participantes

1. Nesta categoría poderán participar os alumnos matriculados durante o curso 2015/2016 no segundo ciclo de Ensinanza Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.
2. Os equipos participantes terán un mínimo de 2 e un máximo de 4 compoñentes e serán coordinados por un profesor titor. Un profesor pode coordinar máis dun equipo.
3. A inscrición se realizará no seguinte formulario: <https://goo.gl/texU3u>

O día de celebración será o **7 de novembro** en horario de mañá, e o prazo para formalizar a inscrición estará aberto ata o día **15 de outubro**.

Regulamentación para os participantes

1. Cada equipo deberá escoller unha capitá ou capitán, que será o único que poderá entrar no recinto de competición e manexar o robot.
2. O retraso do equipo en presentarse a unha proba poderá implicar a súa eliminación.
3. O/s circuíto/s serán abertos para que os equipos entrenen unha hora antes do comezo da competición. Os xuíces terán potestad para regular o tempo de entreno dos equipos en función das necesidades.
4. Os robots poderán ser programados e reprogramados por calquera membro do equipo nos tempos intermedios entre probas, pero sempre na zona reservada ao efecto.
5. Os equipos deberán traer os seus propios ordenadores, cables de conexión... e todo o necesario para a programación dos robots.
6. As infraccións a este regramento poderán ser sancionadas polos xuíces con retirada de puntos, eliminación da proba ou, mesmo, da competición.

Regulamentación para os robots

Cada equipo deberá aportar o seu robot decidindo os elementos tecnolóxicos a incluír en cada caso.

Establécense dúas categorías, libre e "**renacuajo**", con normas diferenciadas.

1. Para todas as categorías:

- 1.1. A controladora, de habela, do robot debe estar baseada en tecnoloxías abertas.
- 1.2. O funcionamento do robot debe ser completamente autónomo. Pódese utilizar calquera método de control, sempre e cando estea integrado enteiramente no robot e non reciba sinais ou indicacións externas (de calquera tipo).
- 1.3. Os robots deberán ter unha masa máxima de 800 gramos e un ancho e largo máximo de 25 centímetros.
- 1.4. O robot debe ter un nome ou número con fins de rexistro e seguimento.
- 1.5. Os robots deben funcionar unicamente coa enerxía proporcionada por pilas ou baterías eléctricas integradas no propio robot.

2. Para a categoría "renacuajo":

- 2.1. Os robots deben estar propulsados exclusivamente por dous servos de rotación continua.
- 2.2. O número máximo de sensores segueliñas será de dous.

Máis información en <http://oshwdem.org/category/oshwdem-2015/>

Tutorial para construír un robot segueliñas: <http://todohacker.com/tutoriales/tutorial-robot-siguelineas>

PREMIOS E CONCURSOS

EXPOSICIONS, CERTAMES E CONCERTOS

II Certame relatos xeolóxicos "Érase unha vez a Xeoloxía"

Martes, 06 Outubro 2015 06:59



A Universidade Complutense de Madrid convoca o **II Certame relatos xeolóxicos "Érase unha vez a Xeoloxía"** co obxectivo de achegar as *Ciencias Xeolóxicas* ao público xeral a través da redacción e a publicación de relatos de transfondo xeolóxico.

Xénero: Relato. Dentro deste xénero hai liberdade de enfoque (realismo, fantasía, ciencia ficción, biografía...). Poderán presentarse todos aqueles relatos escritos en español. O tema do relato debe incluír a Xeoloxía en calquera dos

seus campos (paleontoloxía, mineraloxía, estratigrafía, xeodinámica interna ou externa, petroloxía xeolóxica planetaria...) ou a relación entre a Xeoloxía e outras ciencias (Bioloxía, Química, Física...). Valorarase especialmente que o tema xeolóxico estea ben integrado dentro do argumento da obra e non sexa un simple accesorio, así como a corrección no uso de conceptos e terminoloxía científica.

Aceptarase unha soa obra por autor. As obras deberán ser inéditas e non estar presentadas entre a data de envío e a data de publicación do fallo a ningún outro certame. Os relatos terán unha extensión mínima de 1000 e máxima de 4000 palabras e deberán estar escritos con letra Estafes New Roman, tamaño 12, interlineado 1,5 e marxes normais, sen tabulaciones nin sangrías. Non se incluírán imaxes, marcos ou elementos accesorios.

Haberá unha modalidade xuvenil, que admitirá relatos de participantes de entre 12 e 16 anos (incluídos) e unha modalidade para adultos, que admitirá participantes con 17 anos ou máis. A idade dos participantes será considerada a efectos da data límite de recepción dos relatos.

Dotación: Pack de instrumental xeolóxico para o gañador de cada modalidade, agasallos sorpresas para os finalistas e edición dos relatos gañadores e finalistas.

Prazo: os relatos pódense entregar ata o **31 de outubro de 2015**

Máis información en www.ucm.es/geodivulgar

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PUBLICO

Educador/a e coidador/a infantil para Negreira

Martes, 06 Outubro 2015 06:29

O **Concello de Negreira** precisa contratar o seguinte persoal: **Educador/a e coidador/a infantil**

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **13 de outubro de 2015**. **Máis información na OMIX de Negreira**, teléfono 664 080 257.

Xuíz/a de paz substituto do Valadouro

Martes, 06 Outubro 2015 11:37

O **Tribunal Superior de Xustiza de Galicia** convoca a concurso a **praza de xuíz/a de paz substituto do concello do Valadouro**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **20 de outubro de 2015**.

Máis información no BOP de Lugo do 6 de outubro de 2015 e no **Concello do Valadouro**, teléfono 982 574 000.

Xuíz/a de paz substituto de Bóveda

Martes, 06 Outubro 2015 11:38

O **Tribunal Superior de Xustiza de Galicia** convoca a concurso a **praza de xuíz/a de paz substituto do concello de Bóveda**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **20 de outubro de 2015**.

Máis información no BOP de Lugo do 6 de outubro de 2015 e na **OMIX de Bóveda**, teléfono 982 426 006.

Xuíz/a de paz titular da Illa de Arousa

Mercores, 07 Outubro 2015 08:20

O **Tribunal Superior de Xustiza de Galicia** convoca a concurso a **praza de xuíz/a de paz titular da Illa de Arousa**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **21 de outubro de 2015**.

Máis información no BOP de Pontevedra do 7 de outubro de 2015 e na **OMIX da Illa de Arousa**, teléfono 986 527 357.

Profesores de Investigación dos Organismos Públicos de Investigación

Xoves, 08 Outubro 2015 07:49

O *Ministerio de economía* convoca un **proceso selectivo para ingreso na Escala de Profesores de Investigación dos Organismos Públicos de Investigación** nos seguintes campos:

1. *Neurobiología normal e patolóxica da sinapsis*
2. *Xenética e xenómica funcional de xenes con pauta de lectura curta*
3. *Seguridade de reactores nucleares de fisión*
4. *Investigación en Biomedicina e Ciencias da Saúde*

Requisitos: Estar en posesión ou en condicións de obter o título de Doutor.

Quen desexe participar neste proceso selectivo deberán usar o **modelo 790** <https://ips.redsara.es/IPSC/modelo790>

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **28 de outubro de 2015**

Máis información no BOE do 8 de outubro de 2015.

www.csic.es

www.ciemat.es

www.isciii.es

Xuíz/a de paz titular de Irixoa

Xoves, 08 Outubro 2015 07:54

O **Concello de Irixoa** convoca a concurso a **praza de xuíz/a de paz titular do concello**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **27 de outubro de 2015**.

Máis información no BOP da Coruña do 8 de outubro de 2015 e na **OMIX de Irixoa**, teléfono 981 793 001.

Auxiliar de axuda no fogar na Pobra de Brollón

Xoves, 08 Outubro 2015 07:59

O **Concello da Pobra de Brollón** convoca un proceso selectivo para a contratación laboral interina de **1 praza de auxiliar de axuda no fogar**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **28 de outubro de 2015**.

Máis información no BOP de Lugo do 8 de outubro de 2015 e na **OMIX de Pobra do Brollón**, teléfono 982 430 001.

Prazas de Tradutores e Intérpretes

Venres, 09 Outubro 2015 09:41

O **Ministerio de Asuntos Exteriores** convocan probas selectivas para ingreso, polo sistema xeral de acceso libre, no **Corpo de Tradutores e Intérpretes**.

Tres prazas de tradutor de inglés (tradución directa do inglés ao castelán), cunha segunda lingua estranxeira a elixir entre alemán e francés.

Tres prazas de tradutor de inglés (tradución inversa do castelán ao inglés), cunha segunda lingua estranxeira a elixir entre as linguas oficiais da Unión Europea, árabe, chinés, xaponés, noruegués, ruso e turco.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **29 de outubro de 2015**.

Máis información no BOE do 9 de outubro de 2015.

Xuíz/a de paz substituto de Camariñas

Venres, 09 Outubro 2015 09:47

O **Concello de Camariñas** convoca a concurso a **praza de xuíz/a de paz substituto do concello**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **28 de outubro de 2015**.

Máis información no BOP da Coruña do 9 de outubro de 2015 e na **OMIX de Camariñas**, teléfono 981 736 000.

Bolsa de traballo para Psicólogos Consello Insular de Formentera (Balears)

Venres, 09 Outubro 2015 10:39

O **18 de setembro de 2015** aprobouse polo **Consell Insular de Formentera** a creación dunha **bolsa de traballo para psicólogos/as**, con carácter interino mediante concurso-opsoción.

O **prazo** de presentación de solicitudes será de **10 días naturais** a partires da súa publicación, que é o **1 de outubro de 2015**.

Requisitos:

- nacionalidade española.
- ter cumpridos 16 anos de idade.
- estar en posesión do título de licenciado en psicoloxía, ou máster en psicoloxía.
- nivel B2 de llingua catalana.

<file:///C:/Documents%20and%20Settings/segundo.beloso/Mis%20documentos/Downloads/14665.pdf>

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PRIVADO

Varios postos Ourense

Mercores, 07 Outubro 2015 07:50

Xerente de Oficina. Ourense

Empresa líder a nivel nacional na comercialización de inmobles e financiación de entidades bancarias e financeiras, necesita incorporar un xerente de oficina.

Con funcións de dirección da oficina e atención ó cliente.

Se require: capacidade comercial e de xestión. Experiencia comercial.

Formación a cargo da empresa.

Remuneración elevada.

Xornada completa.

Contrato autónomo ou freelance.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/gerente-oficina/ourense/1875828/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=comercial-ventas&utm_term=ourense

Operarios/as de produción-sector automoción. Ourense

Adecco selecciona un/unha operario/a para empresa sector automoción en Ourense.

Funcións a realizar:

Carga da materia prima das diferentes máquinas.

Manexo manual de cargas.

Montaxe de pezas.

Colocación de grapas, gomas, etc.

Embalaxe de pezas.

Disponibilidade para traballar por turnos (M/T/N).

Coche propio, carné B.

Contrato de duración determinada.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/operarios-as-produccion-sector-automocion/ourense/1876385/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=ingenieria-y-produccion&utm_term=ourense

Comercial de sistemas de seguridade. Ourense.

Adecco selecciona un/ha comercial de sistemas de seguridade para importante empresa en Ourense.

Con funcións de captación de clientes particulares e empresas.

Promoción e venda de produtos de seguridade.

Se require estudos de bacharelato e experiencia dun ano, con permiso de conducir e coche propio.

Contrato a media xornada pola mañá, con ampliación posterior a xornada completa.

Adecco, Camino del Cerro de los Gamos, 3. 28224 Pozuelo de Alarcón-Madrid.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/comercial-sistemas-de-seguridad/ourense/1876368/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=comercial-ventas&utm_term=ourense

Enfermeiros/as para Southampton. Gran Bretaña

Mercores, 07 Outubro 2015 07:51

Na actualidade estamos a reclutar **enfermeiros/as** para grupo privado de hospitais de referencia en todo Reino Unido.

Postos vacantes 99.

Se require:

Diploma en enfermería obtido nunha universidade europea.

Pasaporte comunitario.

Nivel de inglés B1.

Experiencia mínima dun ano.

Contrato indefinido.

Xornada completa.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/empleo-enfermeria-hospital-en-southampton/ourense/1875639/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=sanidad-salud-y-servicios-sociales&utm_term=ourense

Vendedores A Coruña

Mercores, 07 Outubro 2015 08:11

Vendedores/as A Coruña

Se necesita cubrir 3 prazas de vendedor/a para Cosmetica Cervel A Coruña.

Sistema de traballo por catálogo e a comisión.

Produtos de cosmética e alimentación.

Cursos de formación on line ou presenciais.

Altas comisións.

Xornada laboral intensiva.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/vendedor-s/a-corunna/1876650/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=comercial-ventas&utm_term=a-corunna

Vendedor/a de gama alta con obxectivos en A Coruña.

Grupo Norte RRHH necesita incorporar vendedora de produtos de gama alta.

Se require:

Funcionamento da tienda.

Consecución de obxectivos.

Se valorarán coñecementos de inglés.

Experiencia demostrable.

Disponibilidade horaria.

Grupo Norte. Paseo del Arco del Ladrillo, 88, 47008 Valladolid.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/vendedor-a-de-gama-alta-con-obxectivos-a-corunna/a-corunna/1872251/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=comercial-ventas&utm_term=a-corunna

Varias prazas de camareiros/as

Venres, 09 Outubro 2015 11:46

Camareira/o As Pontes (A Coruña)

Nortempo ETT SL selecciona un/ha camareira/a para servizo de bodas.

Experiencia dun ano.

Boa presenza e don de xentes.

Coñecementos de servir pinzando.

Horario de fin de semana.

Xornada laboral completa.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/camarero-a/a-corunna/1871046/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=hosteleria-turismo&utm_term=a-corunna

Encargados/as de comedor-sala A Coruña

EGA consultores selecciona 4 postos de encargados/as de sala para importante empresa de sector de restauración en A Coruña.

Funcións de atención ó cliente. Aproximadamente e administración alimentos e bebidas.

Experiencia de dous anos.

Xornada completa e oportunidades de promoción.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/encargados-as-de-comedor-sala/a-corunna/1866174/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=hosteleria-turismo&utm_term=a-corunna

Varias prazas de replanteador

Venres, 09 Outubro 2015 11:58

Replanteador FTTH A Coruña

Importante empresa sector de telecomunicacións, especializada en replanteos, deseños, permisos de pasos, etc. necesita cubrir cinco postos de traballo de replanteador/a.

Con funcións de enxeñería de telecomunicacións que desenvolve proxectos de FTTH para telefónica, jazztel e Orange.

Coñecementos de tendido de cable tando de fibra óptica como de cobre.

Alta na SS.

Xornada completa e contrato indefinido.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/replanteador-ftth/a-corunna/1877006/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=telecomunicaciones&utm_term=a-corunna

Replanteador FTTH Lugo

Importante empresa sector de telecomunicacións, especializada en replanteos, deseños, permisos de pasos, etc. necesita cubrir cinco postos de traballo de replanteador/a.

Con funcións de enxeñería de telecomunicacións que desenvolve proxectos de FTTH para telefónica, jazztel e Orange.

Coñecementos de tendido de cable tando de fibra óptica como de cobre.

Alta na SS.

Xornada completa e contrato indefinido.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/replanteador-ftth/lugo/1877015/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=telecomunicaciones&utm_term=lugo

Replanteador FTTH Pontevedra

Importante empresa sector de telecomunicacións, especializada en replanteos, deseños, permisos de pasos, etc. necesita cubrir cinco postos de traballo de replanteador/a.

Con funcións de enxeñería de telecomunicacións que desenvolve proxectos de FTTH para telefónica, jazztel e Orange.

Coñecementos de tendido de cable tando de fibra óptica como de cobre.

Alta na SS.

Xornada completa e contrato indefinido.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/replanteador-ftth/pontevedra/1877022/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=telecomunicaciones&utm_term=pontevedra

Replanteador FTTH Ourense

Importante empresa sector de telecomunicacións, especializada en replanteos, deseños, permisos de pasos, etc. necesita cubrir cinco postos de traballo de replanteador/a.

Con funcións de enxeñería de telecomunicacións que desenvolve proxectos de FTTH para telefónica, jazztel e Orange.

Coñecementos de tendido de cable tando de fibra óptica como de cobre.

Alta na SS.

Xornada completa e contrato indefinido.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/replanteador-ftth/ourense/1877033/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=telecomunicaciones&utm_term=ourense



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net